

Miguel Delibes

Miguel Delibes Setién (Valladolid, 17 de Outubro de 1920 - Valladolid, 12 de Marzo de 2010)



foi un novelista español e membro da Real Academia Española. Licenciado en Comercio, comezou a súa carreira como columnista e posterior xornalista de “El Norte de Castilla”, xornal que chegou a dirixir, para pasar de forma gradual a dedicarse en exclusiva á novela.

Gran coñecedor da fauna e flora do seu entorno xeográfico, apaixonado da caza e do mundo rural, soubo plasmar nas súas obras todo o relativo a Castela e á caza desde a perspectiva dunha persoa urbana pero que non perdera o contacto con ese mundo.

Trátase por tanto dunha das grandes figuras da literatura española posterior á Guerra Civil, polo lo cal foi investido Doutor Honoris Causa polas Universidades de Valladolid (1983), a Complutense de Madrid (1987), o Sarre de Alemaña (1990), Alcalá de Henares (1996) e Salamanca (2008). Foi recoñecido, asimesmo, con multitude de galardóns, entre outros o Premio Nadal (1947), Premio Nacional de Narrativa (1955), Premio Príncipe de Asturias das Letras (1982), Premio Nacional das Letras Españolas (1991), Premio Cervantes (1993) e novamente o Premio Nacional de Narrativa (1999).

A súa influencia vai aínda alén, xa que varias das súas obras foron adaptadas ao teatro ou foron levadas ao cine, algunhas delas con notábel éxito, como **El camino**, **Mi idolatrado hijo Sisí** (“Retrato de familia”), **El príncipe destronado** (“La guerra de papá”), **Los santos inocentes**, **El disputado voto del señor Cayo**, **El tesoro**, **La sombra del ciprés es alargada**, **Las ratas** y **Diario de un jubilado** (“Una pareja perfecta”).

En 1947 comezou a escribir a súa primeira obra, **La sombra del ciprés es alargada**, pola que recibiu ao ano seguinte o Premio Nadal. En 1950 publicou **El camino**, a súa terceira novela, en que narra o proceso que sofre un neno no descubrimento da vida e da experiencia perante a ameaza de deixar o campo e marchar á cidade, obra que constitúe a súa consagración definitiva na narrativa española de posguerra. En 1952 foi nomeado subdirector do diario “El Norte de Castilla”, polo que os seus enfrontamentos coa censura tornáronse cada vez máis directos e frecuentes. O escritor abriu unha etapa en que publicaba unha nova obra de maneira practicamente anual, entre elas **Diario de un cazador** (1955), que foi Premio Nacional de Narrativa. En 1959 publica **La hoja roja** pola que recibirá o premio de la Fundación Juan March.

Os años 60 representan o apoxeo literario de Delibes como escritor. En 1962 Delibes publicou **Las ratas**, co que gañou o Premio da Crítica, un dos seus grandes libros, historia construída a partir dunha sucesión de anécdotas autobiográficas en que evoca o ambiente rural dunha aldea castelá desaparecida. En 1964, tras o seu regreso de EEUU, redactou e publicou **Cinco horas con Mario**, considerada a súa obra mestra, onde unha muller vela o cadáver do seu home durante toda unha noite mentres realiza un monólogo pragado de lembranzas cara ao seu esposo.

En 1973 foi elixido membro da Real Academia Española. Antes de terminar o ano publicou **El príncipe destronado**, a súa undécima novela. En 1974 faleceu a súa esposa, Ángeles de Castro, algo que marcou profundamente o escritor para o resto da súa vida.

O gran título dos 80 foi **Los santos inocentes**, publicado en 1981, radiografía social onde noveliza a degradación dunha familia explotada polos caciques da Extremadura rural.

A súa última grande obra, **El hereje**, homenaxe a Valladolid, publicouse en 1998, recibindo o Premio Nacional de Narrativa como recoñecemento. Él mesmo declarou ao recibir o premio, que xa con 79 anos, «colgara os trastos de escribir».